

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

METODOLOXÍA

Dende o ano 1998 o IGE realiza esta actividade con periodicidade mensual.

No ano 2003 introdúcese determinados cambios para mellorar a calidade da operación. Entre eles destaca a introdución do concepto de paquete turístico para analizar o gasto dos viaxeiros que veñen a Galicia por esta modalidade, e a variación dalgunhas clasificacións consideradas tanto na caracterización dos viaxeiros coma do viaxe.

1. Obxectivos e utilidades

O obxectivo básico da enquisa é coñecer o volume e a estrutura do gasto dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres ou máis estrelas de Galicia.

Ademais, posto que o informante último é o demandante do servizo, o viaxeiro, esta estatística tamén vai ser utilizada para coñece o seu perfil sociodemográfico, así como outras características xerais da viaxe.

2. Ámbitos de investigación


Ámbito poboacional

A Organización Mundial do Turismo (OMT) define o termo **turismo** como “as actividades das persoas que se desprazan a un lugar distinto do seu entorno habitual, por un período de tempo consecutivo inferior a un ano, e por un motivo principal distinto ao de exercer unha actividade que se remunere no lugar visitado, xa sexa por motivos de ocio, traballo ou outros, como saúde, estudos, visitas, etc.”.

O **entorno habitual** dun individuo está formado polo vecindario próximo a súa residencia habitual, o lugar de traballo así como todos aqueles outros que visita frecuentemente, aínda que estean situados considerablemente lonxe do lugar de residencia.

Ademais deben excluírse as viaxes motivadas por circunstancias remuneradas no lugar visitado, entendéndose por **remuneradas**, que se reciben pagamentos para compensar a labor da viaxe (soldos e salarios), pero sen incluír as posibles dietas de viaxe ou pequenas pagas de participación.

As persoas relacionadas coa definición anterior defínense como **visitantes**, que se clasifican á súa vez como **excursionistas** ou **turistas**. Considéranse excursionistas aqueles viaxeiros que se desprazan fora do seu entorno habitual por un período de tempo inferior a un día, mentres que se reserva o concepto de turista para aqueles viaxeiros que pernoitan no lugar visitado.



Na estatística considérase como **poboación obxecto** de estudo ao conxunto de viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia de tres e máis estrelas. Isto implica asumir:

1. Que vai ser estudado o gasto de consumo efectuado por un viaxeiro ou por conta dun viaxeiro durante a súa estancia en Galicia, aínda que nalgún caso viaxe por un motivo distinto dos cualificados coma turísticos.
2. Que este gasto será unicamente analizado para o conxunto dos que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas, que se ven observando representa unha porcentaxe entorno ao 50% dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de Galicia.

Ámbito territorial

Dende o punto de vista xeográfico, a estatística circunscríbese á Comunidade galega. Aos efectos de explotación da información estatística, o deseño metodolóxico faise de modo que se podan ofrecer resultados ao nivel de provincia.

Ámbito temporal

A estatística deséñase con carácter continuo, e con periodicidade mensual.

3. Definicións

As variables a analizar pódense agrupar en catro apartados diferenciados:

Gasto

Enténdese por gasto todo gasto de consumo efectuado por un viaxeiro ou por conta dun viaxeiro na súa estancia en Galicia. Esta variable intenta avaliar a dimensión e o impacto que supoñen para a economía galega os establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas. Para o seu estudo, pídeselle ao viaxeiro que cuantifique a cantidade de diñeiro gastada en media por persoa e día.

Para coñecer a estrutura deste gasto, pregúntaselle pola súa desagregación nas seguintes partidas:

- Paquete turístico
- Aloxamento e pensión
- Comidas en restaurantes y cafeterías
- En comida adquirida en comercios
- Desprazamentos dentro de Galicia
- Compras de agasallos, recordos e outros artigos
- Ocio
- Outros

Paquete turístico: produto que comprende un conxunto de servizos e que se vende por un prezo global, sen que o comprador sexa consciente de canto paga por cada unha das súas compoñentes. O conxunto de servizos pactado deberá incluír algunha opción de aloxamento e desprazamento para que efectivamente sexa considerado como paquete turístico.

Aloxamento e pensión: gasto realizado polo concepto de aloxamento no establecemento no que está aloxado. Incluirá tamén os gastos por comida en dito establecemento se están incluídos no prezo de aloxamento pactado. Neste apartado se recollen as opcións de aloxamento, aloxamento e almorzo, media pensión (aloxamento, almorzo e a comida ou cea) e pensión completa (aloxamento e todas as comidas).

Comida en restaurantes e cafeterías: gasto distinguible do aloxamento que se realiza en restaurantes, cafeterías, bares, incluído comida, bebida e aperitivos.

Comida adquirida en comercios: gasto realizado na compra de comida, bebida e aperitivos en comercios especializados en produtos de alimentación.

Desprazamentos dentro de Galicia: gasto efectuado dentro de Galicia, xa sexa en transporte público no lugar de destino, taxi, utilización de vehículo propio ou alugado, incluído o custo do combustible, tarifas de aparcamento, aluguer do vehículo, etc..

Compras de agasallos, recordos e outros artigos: gasto realizado en artigos adquiridos para levar ao lugar de residencia do entrevistado, tais como recordos, roupa, zapatos, e outros consumidos durante a súa estancia en Galicia.

Ocio: gasto efectuado en tratamentos de beleza, perruquerías, guías turísticos, actividades deportivas, aluguer de equipo, actividades culturais, entradas a distintos eventos, atraccións e outros gastos recreativos, aínda que se adquirisen por adiantado.

Outros: gasto realizados en congresos ou reunións, como gastos de inscrición, fotocopias, programas, seguros, chamadas telefónicas, franqueo postal, revelado (ordinario ou dixital) de películas fotográficas, de vídeo ou de son, etc..

A variable gasto é analizada a través das estimacións do “gasto total” e do “gasto diario medio por persoa”, ponderando os datos mostrais polas correspondentes pernoitas estimadas nestes establecementos.

Perfil sociodemográfico do viaxeiro

As variables incluídas neste apartado teñen como obxectivo coñecer as características sociodemográficas básicas dos viaxeiros deste tipo de establecementos:

- a) Sexo e idade do entrevistado: ademais do sexo, establecéronse 6 grupos de idade para a clasificación dos viaxeiros,
- Hasta 18 anos
 - De 19 a 28 anos
 - De 29 a 40 anos
 - De 41 a 50 anos
 - De 51 a 65 anos
 - Máis de 65 anos
- b) Estado civil do entrevistado.
- c) Nivel de estudos: os viaxeiros clasifícanse en,
- Analfabeto/a
 - Estudos primarios
 - Educación secundaria
 - Educación superior
 - Non contesta
- d) Situación laboral: preténdese clasificar aos viaxeiros segundo a súa situación laboral en:
- Estudante
 - Autónomo/a
 - Asalariado/a sector público
 - Asalariado/a sector privado
 - Xubilado/a-retirado/a
 - Labores do fogar
 - Parado/a
 - Outros
 - Non contesta
- e) Lugar de residencia: trátase do lugar de residencia habitual do entrevistado. Para os estranxeiros pídese o país de residencia, para os españois a Comunidade.

Características xerais da viaxe

Para analizar o comportamento destes viaxeiros durante a súa viaxe son investigadas as seguintes variables:

- a) Motivo do desprazamento: establécense 9 motivos posibles para a clasificación dos viaxeiros,

- Coñecer o medio natural e paisaxes
- Coñecer a súa cultura e costumes
- Razóns familiares ou de amizade
- Motivos de estudio
- Razón de traballo/negocios
- Dispoñer de casa propia
- Busca de tranquilidade e descanso
- Fidelidade ao lugar de destino
- Outros motivos

Ademais para a categoría traballo/negocio pídese a clasificación entre: congresos e convencións, feiras e outros motivos profesionais.

- b) Primeira visita a Galicia: distínguese ós viaxeiros que visitan Galicia por primeira vez.
- c) Método de transporte principal para acceder a Galicia dos viaxeiros non residentes nesta Comunidade, e para acceder ao establecemento dos galegos: son considerados os seguintes medios,
- Coche propio
 - Autocar
 - Avión
 - Tren
 - Barco
 - Outros
- d) Duración prevista da estancia no establecemento.

Valoración da súa estancia no establecemento

Pídeselle aos viaxeiros que puntúen de 0 a 10 a impresión percibida na súa estancia no establecemento.

4. Deseño mostral

Tipo de mostraxe

Utilízase unha mostraxe aleatoria estratificada.

Dadas as especificacións deste estudio, considerouse razoable facer unha estratificación da poboación de viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia, por provincias e por categoría do establecemento (tres, catro e cinco estrelas): 12 estratos en total (na práctica 10, ao non existir establecementos hoteleiros de cinco estrelas en Ourense e Lugo).

Estimadores

Para as variables de gasto utilízanse os estimadores insesgados da mostraxe estratificada.

Denotando X_h^m á variable “Gasto realizado por viaxeiro e día (pernoita) no estrato h no mes m ”, o estimador do gasto diario medio ven dado por,

$$\hat{X}^m = \frac{N}{N} \cdot \frac{1}{n_h} \cdot \sum_{i=1}^{n_h} X_{h,i}^m$$

onde

n_h = Número de entrevistas no estrato h no mes m

N_h = Número de pernoitas do estrato h no mes m

$$N = \sum_h N_h$$

Os valores de N_h da fórmula son obtidos a partir dunha explotación específica da actividade “*Enquisa Continua de Ocupación Hoteleira*”, operativo de información consolidado que aporta mensualmente -entre outros- datos provinciais das pernoitas realizadas nos establecementos. A información obtense a partir dunha mostra que contén tódolos establecementos hoteleiros de catro e cinco estrelas e unha representación significativa dos de tres.

E o estimador para o “Gasto total efectuado no mes m ” é,

$$\hat{X}^m = N \cdot \hat{\bar{X}}^m = N_h \cdot \frac{1}{n_h} \cdot \sum_{i=1}^{n_h} X_{h,i}^m$$

Determinación de tamaños e erros mostrais

A partir da expresión para o cálculo da varianza no mes m de investigación,

$$V = V(\hat{\bar{X}}^m) = \frac{1}{N^2} \sum_{h=1}^L N_h (N_h - n_h) \frac{S_h^{2,m}}{n_h}$$

onde:

$$\hat{\bar{X}}^m = \sum_{h=1}^L \hat{\bar{X}}_h^m$$

$S_h^{2,m}$ é a cuasivarianza poboacional do gasto por viaxeiro e día (pernoita) no estrato h durante o mes m de estudio.

Minimizando V nos n_h , de modo que $n = \sum_h n_h$, e tomando $\alpha = 0,05$ e polo tanto $z_{\alpha/2} = 1,96$ obtense a afixación óptima ou de Neyman

$$n = \frac{\left(\sum_h \frac{N_h}{N} S_h \right)^2}{\frac{e^2}{1.96^2} + \frac{1}{N} \sum_h \frac{N_h}{N} S_h^2}$$

Desta expresión, fixando un erro de $e = 0,035 \bar{X}$ mostraxe e utilizando os valores de N_h e S_h^2 do mesmo mes do ano anterior obtemos o tamaño de mostra, n , no mes de investigación. Os valores resultantes son ademais “aceptables” tecnicamente (volumen de traballo mensual dos enquisadores entre 600 e 900 enquisas, aproximadamente).

Asignación de n_h por establecimientos hoteleiros e fins de semana

A asignación do número de entrevistas por estrato no mes de estudio, n_h , por establecementos hoteleiros faise co criterio de que todos sexan visitados un número mínimo de veces ao ano, e en función, ou ben do número de prazas ofertadas ou ben das pernoitas en cada establecemento durante o ano anterior no mes estudado; este último dato é coñecido unicamente nos establecementos incluídos na mostra utilizada na “*Enquisa continua de ocupación hoteleira*”.

Estas entrevistas son distribuídas no tempo de tal xeito que se cubra todo o mes obxecto de investigación, aínda que non de modo uniforme. Así, a asignación por fins de semana faise utilizando os índices de ocupación relativa (mes/fin de semana) elaborados en función da citada “*Enquisa continua de ocupación hoteleira*”.

5. Recollida da información

Método de recollida

O método de recollida da información é mediante entrevista persoal ós propios viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia.

Estas entrevistas son realizadas nos propios establecementos hoteleiros a través dun grupo de entrevistadores que, mes a mes, e nos establecementos que se lles indican previamente, recollen un número de entrevistas prefixadas.

Cuestionarios utilizados

Dado o carácter mensual desta operación, o cuestionario deseñouse de xeito que recollese aqueles aspectos básicos dos viaxeiros nos que estabamos interesados, sen entrar en grandes desagregacións que nos levaran a un cuestionario demasiado longo, tanto para a recollida como para a posterior gravación. Ademais, dadas as características da poboación investigada, fixéronse versións do cuestionario en castelán e inglés.

6. Presentación de resultados

Mensualmente o IGE publica información desta enquisa na súa páxina Web. A continuación expóñense as principais variables de clasificación dos datos publicados.

Ámbito xeográfico

Preséntanse os datos de gasto total e de gasto diario medio por persoa dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas con desagregación provincial.

Conceptos de gasto

Recóllese o dato de gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas e a súa desagregación nas seguintes partidas de gasto: paquete turístico, aloxamento e pensión, comida en restaurantes e cafeterías, compras de alimentos en comercios especializados, compras non alimenticias, desprazamentos, ocio e outros

Forma de organización da viaxe

Os resultados de gasto diario medio por persoa preséntanse clasificados segundo se o viaxeiro adquire un paquete turístico na súa viaxe ou non. Ademais, o gasto diario medio por persoa desagregase en paquete turístico e resto para aqueles viaxeiros que adquiren un paquete turístico, e nas partidas de aloxamento e pensión, comida en restaurantes e cafeterías, compras de alimentos en comercios especializados, compras non alimenticias, desprazamentos, ocio e outros para o resto de viaxeiros.

Nota de publicación

Coa publicación dos datos de febreiro de 2006 faise un cambio na presentación dos datos que provoca unha ruptura cos datos publicados nos meses anteriores.

A partir deste mes pásase a publicar o importe total pagado polos viaxeiros en concepto de paquete turístico xunto co importe pagado por outros conceptos de gasto. Previamente, o importe publicado estaba referido unicamente ao gasto efectuado en Galicia e dito concepto distribuíase entre as distintas partidas de gasto publicadas.